

QUINTO e SEXTO

CONTOS VELLAS PARA RAPACES NOVOS.

Autor/a: Xosé Neira Vilas.
Ilustrador: Antía Barba.
Editorial: Bolanda Edicións.



Coplas, lendas, refráns, contos, alcumes. En maior ou menor volume isto ocorre en todas as culturas e latitudes. Temos aquí unha mostra de contos populares do mundo enteiro, historias de tradición oral de 35 países dos cinco continentes.


UN MOSQUITO DE NOME HENRI

Autor/a: Raúl Dans.
Ilustrador: Jacobo Fernández Serrano
Editorial: Baía Edicións



Henri quere ser piloto de aviación, mais ten un pequeno problema: é miope. É unha historia de superación e de aprendizaxe.

Obra gañadora do X Premio Barriga Verde.



OLLOS. ANIMAIS EXTRAORDINARIOS.

Autor: Xulio Gutiérrez.
Ilustrador: Nicolas Fernández.
Editorial: Kalandraka.

Uns animais ven mellor de día, outros de noite; uns captan movementos imperceptibles, outros ven mesmo mellor que os humanos. O sentido da vista en fauna de todo o planeta. Un libro para aprender.


ESCARLATINA A COCIÑEIRA DEFUNTA

Autor: Leticia Costas
Ilustrador: Víctor Rivas
Editorial: Xerais



Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario. Recibiu un agasallo moi singular, un cadaleito acompañado dun sobre negro onde viñan as instrucións para activar a Escarlatina.

Guía elaborada dende a Biblioteca
Escolar do Ceip San Xoán Bautista.



CEIP SAN XOÁN BAUTISTA
Cerdedo



Nadal 2016

Polo Nadal,
UN
LIBRO
é un bo
agasallo.

INFANTIL

UN BECHO Estraño.


Autor: Mon Daporta.
Ilustrador: Óscar Villán.
Editorial: Kalandraka.



“Un becho estraño” é un libro de pequeno formato que segue a fórmula dos chamados contos sen fin. Un conto para contar, no que son fundamentais a rima e o ritmo. Mira que mira mirando, atopei un becho estraño, coa feitura dun ovo...

CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS.


Autor: Chema Heras.
Ilustrador: Kiko Dasilva.
Editorial: Kalandraka.



«Os Reis Magos non entran na casa dos nenos que non están durmidos», avisouno o seu pai. Pero a medianoite Martiño soñaba, e entráronlle unhas enormes ganas de mexar...

FERMÍN Y LOS REYES MAGOS.

Autor: Antonio Vicente.
Ilustradora: Carmen Queralt.
Editorial: Narval Editores.



Os Reis non sempre poden traer a Fermín todo o que pide e ás veces eso é un problema. Libro para todo tipo de Reis: ricos e pobres, queridos e temidos... e para todo tipo de Fermíns: impacientes ou vagos, moderados ou insaciáveis. Fala das cousas que queremos e o que pasa cando as acadamos, e incluso do que pasa cando non as podemos ter.

O MONSTRO DE CORES.

Autora: Anna Llenas.
Ilustradora: Anna Llenas.
Editorial: Flamboyant.

O monstro de cores non sabe que lle pasa. Fixo unha lea coas súas emocións e agora tócalle desfacer a maraña. Unha historia sinxela e divertida que introducirá aos pequenos e maiores no mundo das emocións.



PRIMEIRO e SEGUNDO

A VACA QUE PUXO UN OVO.

Autor/a: Andy Cutbill.
Ilustrador: Russell Ayto.
Editorial: Patasdepeixe.



Unha vaca que quere facer algo diferente, para destacar entre as demais, e que pola súa simpatía e tristura é axudada polas súas amigas galiñas. Claro que a envexa non é boa conselleira e as súas “comadres” están seguras de que todo é unha gran mentira...

FEROZ, O LOBO.

Autor/a: Margarita del Mazo.
Ilustrador: Leire Salaberria.
Editorial: OQO.



Feroz, o lobo, pasará a noite toda deambulando polo bosque. Andaba tan atarefado que nin tempo tivera de lle ouvear á lúa, cousa imprescindible na vida dun lobo.

ORELLAS DE BOLBORETA.

Autora: Luisa Aguilar.
Ilustrador: André Neves.
Editorial: Kalandraka.




Mara é especial, nada nin ninguén conseguirá restarlle valor ás súas calidades porque a súa nai lle deu a clave para saír airosa de calquera crítica: autoestima, imaxinación e espontaneidade.

EL CAZO DE LORENZO.

Autora: Isabelle Carrier.
Editorial: Editorial Juventud S.A.

El cazo de Lorenzo



Con palabras sinxelas e unhas ilustracións tenras e divertidas, a autora recrea o día a día dun neno diferente: a súas dificultades, a súas calidades, os obstáculos que ten que afrontar... Un conto metafórico para falar das diferenzas aos máis pequenos.


TERCEIRO e CUARTO



O CADERNO DE EDUA

Autora: Helena Villar Janeiro.
Ilustradora: Carmen Queralt.
Editorial: Sushi Books.

Eduarda Coedo Alba, á que lle chaman Edua porque lle gusta máis, vive na aldea do Cebreiro, que está no curuto dun monte moi alto, cerca de Pedrafita, na terra de Ancares. Polo seu aniversario, o seu avó regálalle un caderno que cambiará a súa forma de ver as cousas.



ALMANAQUE MUSICAL

Autor: Antonio Rubio.
Ilustrador: David Pintor.
Editorial: Kalandraka.


Poesía ilustrada. Un poema ilustrado para cada mes, con versos que danzan no pentagrama ao son dos concertos para corda dos compositores máis emblemáticos.

2º PREMIO DE ILUSTRACIÓN Festival Internacional de Literatura Infantil-Xuvenil de Sharjah (Emiratos Árabes) – 2012. OS + 2012 (Fundación Germán Sánchez Ruipeírez)

TEÑO UNS PÉS PERFECTOS.

Autora: María Solar.
Ilustrador: Gusti
Editorial: Kalandraka.

Aspirante a ser “o neno máis listo”, Melchor terá que demostrar os seus coñecementos sobre os pés. Un libro dentro doutro libro con sorprendentes descubertas sobre esta parte tan importante do noso corpo.



CONTOS NERVIOSOS.

Autor: Fran Alonso.
Ilustrador: Dani Padrón.
Editorial: Embora Edicións.

Ás veces suceden cousas tan inesperadas que os propios contos se poñen nerviosos. Catro contos que están protagonizados por un neno chamado Amelio, unha nena sen nome, outro ao que lle encantan os videoxogos e Raíña, unha rapaza caprichosa.

